

MOCIÓN DE AER SOBRE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

PLENO 27 OUTUBRO 2011. ACTA 20/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos participativos supoñen unha aposta innovadora de co-xestión pública cidadá, que propugna como principio básico a democracia directa para a planificación dos recursos públicos municipais. Os orzamentos participativos no só teñen como obxectivo decidir parte do orzamento municipal, senón que ademais promoven que a veciñanza sexa protagonista activa do que ocorre na vila, e non sexa simple observadora dos acontecementos e decisións. Debemos crear espazos de diálogo e de toma de decisións entre a veciñanza, os políticos e políticas e os técnicos de administración, que permitan construír, cun sentido comunitario, unha vila máis xusta e igualitaria.

Ao igual que EU, pensamos que é necesario establecer unha oficina de orzamentos participativos, que forme á veciñanza na elaboración dos orzamentos e recollida de propostas para o seu traslado ao pleno.

AER, dando voz a Esquerda Unida, somete ao pleno os seguintes acordos:

- **Celebración dunhas xornadas de formación para as asociacións e veciñanza sobre o funcionamento, características e elaboración do orzamento municipal.**
- **Creación dunha oficina de orzamentos participativos.**
- **Poñer a disposición dos orzamentos participativos un mínimo do 25% do orzamento de inversións do Concello para que a veciñanza decida onde debe gastarse."**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER), acordou aprobar a moción nos antecedentes transcrita rectificando que a porcentaxe dos orzamentos que se adicará a esta finalidade será a que fixen, de común acordo, os grupos políticos á hora de aprobar o orzamento, e engadindo que a participación encamiñárase a través dos Consellos parroquiais, unha vez que estes comecen a funcionar.